


Camiño de Fisterra



..Por este tempo o conde Pedro, aio do rei, cos seus fillos Bermudo e Fernando e os seus auxiliares, molestaba a Compostela e asaltaba frecuentemente aos homes e os gandos. Unhas veces saía ben, outras dáballe as costas ás frechas, segundo as visicitudes da guerra. Como o pasou en **Ponte Maceira**, e os moitos homes e armas que perdeu, sería longo de contar...

De rebus gestis D. Didaci Gelmirez, primi Compostellani Archiepiscopi (s. XII)

Lugares polos que se pasa:

Santiago, Sarela de Abaixo, Moas de Abaixo, Carballal, Quintáns, Ventosa, Lombao, Augapesada, Castiñeiro do Lobo, Suavida de Carballo, Trasmonte, Burgueiros, Ponte Maceira, Barca, Chancela de Abaixo, Negreira.

Santiago – Ponte Sarela

Saímos da praza do Obradoiro, baixando polas rúas de Hortas, onde destaca a **igreja da Real Angustia ou de San Fructuoso**. Barroco compostelano do XVIII atribuída a Lucas Ferro Caaveiro. Organiza o espazo de xeito central mediante unha cúpula de media laranxa e presenta unha curiosa fachada que, como nos seus inicios forma parte do cementerio do Hospital, conxugando a morte coa vida futura. No centro está a Piedade ou Quinta Angustia e a ambos lados dous medallóns con sendas almas do purgatorio. Todo o conxunto aparece coroado coas catro Virtudes: Fortaleza, Prudencia, Templanza e Xustiza que son o camiño para a salvación da alma. O escudo Real de España representa a súa dependencia do Hospital Real.

Seguimos polo Campo Das Hortas, Poza do Bar e San Lourenzo. O **Pazo de San Lourenzo** ten as súas orixes nun eremitorio do século XIII do que aínda quedan restos na parte inferior da igrexa. O seu interior garda un retablo renacentista de mármore de Carrara e unha imaxe da Virxe de Martínez Montañés. Ubícase nunha formidable fraga de 8.000 metros cadrados que xa glosara Ramón Otero Pedraio «está muy unido a los recuerdos del Santiago anterior a las revoluciones del XIX y contemporáneo del Romanticismo».

Ponte Sarela - Moas

Subimos pola Corredoira dos Muíños, de cemento, ata o río Sar en Ponte Sarela onde contemplaremos por última vez as torres da Catedral. Cruzamos a ponte para continuar, a man esquerda, polo vello **Camiño Real**.

Descendemos ata Moas.

Moas - Carballal

Pasamos o regato de Fontecova, e deseguido ven Carballal.

Carballal – Trasmonte

Pasamos Quintáns baixando polo río Roxos, Ventosa e Lombao, para chegar a Augapesada, que ten unha fermosa ponte medieval. Subimos a Castiñeiro Do Lobo, para despois baixar cara Susavila Do Carballo, e Trasmonte. Haberá que salvar case 3 km de subida ata o alto do Mar de Ovellas, e xa baixando un pouquiño, Susavila do Carballo onde hai un **cruceiro** de fuste cadrangular, capitel e cruz de gran sobriedade.

Trasmonte – Ponte Maceira

Sequiremos baixando por Reino e Burgueiros paseniñamente ata Ponte Maceira.

Ponte Maceira – Negreira

Pasando a ponte, cómpre virar á esquerda ata o cruce coa estrada de Santiago, cara o pobo de Barca onde unha pista de asfalto nos conduce a Negreira.

A **ponte medieval** (s. XIII) de Ponte Maceira salva o Tambre dividindo dous concellos: Ames e Negreira. Un interesante conxunto monumental de rexa arquitectura, muíños e cruceiro. Avanzamos por unha carballeira e, pasando baixo un arco da ponte nova (s. XIX), o Camiño segue pola beira do Tambre cara Barca.

Subimos a Chancela co seu Pazo “do Capitán” rodeado dunha carballeira.

Chegamos a Negreira. Xiramos á dereita da escultura do Apóstolo Peregrino, pasamos diante da Casa do Concello e, todo recto, diante da Casa de Cultura, baixo o arco almenado que une o Pazo de Cotón coa capela de San Mauro.

O **Campo da Feira**, que está xunto ao [Pazo de Cotón](#) **será o punto onde nos recollan os autobuses.**